

**Mesa de traballo**  
**REDES SOCIAIS: NOVOS VIEIROS DE ACCIÓN COLABORATIVA DA**  
**CIDADANÍA**

---

**A CONSTRUCCIÓN SOCIAL DA PROTESTA NAS AUGAS DE FACEBOOK**

**Alba Cid**

Arquipélagos, constelacións, redes. Xa sexa como formacións naturais ou artificiais, podemos rastrexar a existencia destas estruturas desde o fío segregado polas arañas até as pulsións que consiguen enfiar Internet mundo a través.

É claro que a era das telecomunicacións se perfila como a era do protagonismo dos usuarios, a escolla e creación dos contidos e a interconexión selectiva destes. Nese punto encaixa o concepto de rede social no mundo virtual, unha aplicación baseada na reprodución cibernética das relacións e vínculos interpersoais. Barallando cifras tan impactantes como 700000 novos usuarios por día, ou un 90% dos usuarios de Internet peninsulares con perfís nas redes sociais, parecería evidente que o xigante Facebook -ou noutras franxas etarias, redes como Tuenti- están a definir novos ritmos e espazos de actuación paralelos.

Funcionando cunha distribución en diferentes capas, segundo a cohesión e intimidade cos outros usuarios, hai xa varios anos que se valora o potencial das redes sociais como plataformas de observación. As actualizacións de perfil e os comentarios, e moi especialmente a vitalidade de páxinas e grupos aos que adherirse en función de intereses comúns, poden ser unha ferramenta de investigación para as ciencias sociais (véxanse traballos como o de Helene Snee: *Web 2.0 as a social science research tool*, University of Manchester, 2008). Sendo así e centrándonos no caso que nos ocupa, serían aproveitábeis como un indicador das actitudes e crenzas lingüísticas.

No que á normalización da lingua galega respecta, parece que o mundo das redes virtuais está a posibilitar a acción colectiva nos movementos de base reivindicativa e/ ou identitaria. Xa sexa con peticións de ampliación de ámbitos para a lingua ou con mostras de rexeitamento ao “decretazo” do 2010, vemos constantemente pulsado o trío de cordas que permiten interpretar a realidade e levan á actividade colectiva: percepción da inxustiza, consideración da identidade e proxección da eficacia. Dentro deses marcos de construción social da protesta, o sentimento de pertenza, a afectividade ou a ira convértense en motores para a expresión e o debate público, revitalizados pola rapidez da canle.

Calquera usuario das redes sociais puido e pode observar a proliferación de grupos de manifestación e/ou acción colectiva en termos de defensa lingüística. Partindo da consideración deles pode analizarse o impacto numérico, cualitativo e performativo desa conxunción de vontades individuais. É no eido da interpretación onde as preguntas se concatenan e multiplican: cal é o caldo de cultivo para que un grupo que reclama o ensino en galego conte con dezasete mil adhesións nun mes? Son as voces nas redes un indicador de que o campo de expectativas se ampliou felizmente para aqueles que reclaman a normalización lingüística? Consideramos os grupos e páxinas simples e festivos cantos de serea a prol da manifestación de opinións, protestas e sentimentos ou podemos traducilos a feitos, en modelos como Galego Lab?

En definitiva: actualmente, a creación de marcos de acción colectiva a favor da normalización lingüística é unha realidade nas mutábeis augas de Facebook mais... alén do diagnóstico, poderían identificarse e aproveitarse os marcos de prognóstico e o de motivación? Isto é: está a deixar pegadas a forza da corrente? E se é así... a onde levarán as mudanzas no leito do río?